



ADMISIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO 2019/2020

A Admisión do alumnado neste centro para o vindeiro curso rexerese pola seguinte normativa reguladora:

- **Decreto 254/2012**, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato (DOG 26/12/2012)
- **ORDE do 12 de marzo de 2013** pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 15/03/2013)
- **ORDE do 25 de xaneiro de 2017** pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 01/02/2017)
- **Instrucións da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.**

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes poderán recollerse e presentarse na Secretaría do Centro. de admisión. Tamén se poderán presentar a través da aplicación de xestión do proceso "[admisionalumnado](#)". O prazo de presentación das solicitudes abrangue do 1 ao 20 de marzo.

DOCUMENTACIÓN

- **Documentación acreditativa da idade do alumno/a** (libro de familia ou similar)
- **No caso de separación ou divorcio**, será necesario presentar a **resolución xudicial** para o seu cotexo polo centro educativo.
- A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación serán necesarios cando o número de solicitudes supere ao de prazas ofertadas e cando non se autorice a consulta automática dos datos. O prazo de presentación desta documentación será do 25 de marzo ao 5 de abril.



PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

- A **resolución provisional** de admitidos e non admitidos será publicada **antes do 25 de abril**. O prazo de reclamacións a estas listaxes será de cinco días hábiles a partir da súa publicación ante o Consello Escolar do Centro.
- A **resolución definitiva** será publicada **antes do 15 de maio**. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada antes a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O alumnado admitido no Centro formalizará a súa matrícula na Secretaría do centro **do 20 ao 28 de xuño**. De non formalizar a matrícula, perderase o dereito á praza obtida.

INFORMACIÓN IMPORTANTE

- A Solicitud será única e vinculante.
- Poderase solicitar ata seis centros, por orde de preferencia.
- A solicitud presentarse no centro indicado en primeiro lugar.
- **No caso de separación ou divorcio**, será necesaria a **sinatura de ambos proxenitores**, agás que un dos proxenitores teña atribuída a patria potestade con carácter exclusivo. Ademais, deberán presentar xunto coa solicitud de admisión, a resolución xudicial correspondente.

As Pontes, 26 de febreiro de 2019

A secretaria

Asdo.: Margarita Casal Puentes



Vto. e prace

A Directora

Asdo.: Mª Teba López-Leitón Zapico